

Medio cento de galegos e Rosalía

Marcial González Vigo
Xulio Xiz Ramil

Premio Nacional de Radio "Rosalía de Castro"

Marcial González Vigo

Xulio Xiz Ramil

Medio cento de galegos e Rosalía

I. S. B. N. - 84 - 7044 - 092 - 6

Depósito Legal: LU. 792 - 1983

Imprenta-Editorial CELTA - San Marcos, 29 - Lugo - 1983

"EDICIONES CELTA"

LUGO

cala, na condición humán, e ao mesmo tempo é a voz que intenta e logra en moitos aspectos, liberar ao pobo galego dunha chea de frustracións e dunha chea de inxusticias, e pon en órbita novamente a literatura galega que adequiría no século XIII e XIV unhas cotas difíciles de superar".

Xulio.—Manuel Casado Nieto.

GRABACION "CASADO NIETO":

"Eu coido que a obra de Rosalía non é que esténa vixente hoxe, é que estará vixente sempre polos séculos dos séculos. Porque eu penso que cando se consigue ser un poeta da profundidade, da intimidade, da transcendencia de Rosalía, o tempo non pasa... Igual foi vixente na sua época, como é vixente nestes días, como será vixente nos anos futuros".

Marcial.—Augusto Assía.

GRABACION "FERNANDEZ ARMESTO":

"Creo que é vixente Rosalía pola misma razón que é vixente o pobo galego".

Xulio.—Manuel Rodríguez López.

GRABACION "RODRIGUEZ LOPEZ":

"Rosalía foi unha poeta que escribiu non soio para o pobo, senón dende o pobo".

"Pois pra mí, Rosalía é a encarnación da terra, é Galicia feita muller, é todo o sentimento, todo o pensamento, toda a força vibradoira da saudade e do que levamos os galegos e a terra galega en sí, convertidos nunha muller que soupo recollelo todo, fundilo todo en sí mesma, e traducilo todo nunha das poesías más fermosas do mundo".

Xulio.—Luis Moure Mariño.

GRABACION "MOURE MARIÑO":

"Eu penso, improvisada así de momento, que Rosalía de Castro foi o talento lírico meirande que produxo España, incomparablemente superior a todos. E un alma puramente lírica. En toda a literatura española, incluida toda a literatura galega i o resto da literatura hispánica, non hai unha figura lírica da altura de Rosalía".

Marcial.—Filgueira Valverde.

GRABACION "FILGUEIRA":

"Pódese definir de moitos xeitos, pero eu diría que é unha muller do seu tempo, que por saber escoitar a voz da terra e do pobo, sigue sendo do noso tempo e seguirá sendo dos vindeiros".

Xulio.—Manuel Rodríguez López.

GRABACION "RODRIGUEZ LOPEZ":

"Si eu tivera que calificar a Rosalia non dudaría en chamala salvadora da nosa língua, que é tanto como decir salvadora de Galicia".



ADRO XAVIER

(ALEJANDRO REY-STOLLE PEDROSA)


Naceu en Santiago de Compostela. Vive, dende fai anos, en Barcelona.

E autor de "DIEGO GELMIREZ —Reino de Galicia— Siglos XI y XII" e de 49 obras máis, entreelas novelas, biografías, libros de viaxes i ensaios. Con diversos seudónimos publica a cotío artigos en diarios e revistas.



MANUEL RODRIGUEZ LOPEZ

San Miguel de Paradela (Lugo), 1934. Reside en Barcelona dende os seis anos. Estudou Humanidades e un curso de Filosofía. Ten publicados tres libros de poemas: "POEMAS POPULARES GALEGOS" (1968); "SAUDADE NO BULLEIRO" (1970), e "SOLDADA MINIMA" (1979). En Prosa: "REENCONTRO COA ALDEA" (1983), e "GALEGOS EN CATALUNYA, 1978-1982" (1983). Acadou premios literarios (poema, teatro e conto galegos) en Villalba, Sarria, Baracaldo e Barcelona. Colaborador asiduo de xornais e revistas de Buenos Aires. Na actualidade colabora en EL PROGRESO, de Lugo, i é corresponsal en Barcelona de EL IDEAL GALLEGUO, de A Coruña, firmando as crónicas co seudónimo de MANUEL-ORESTE R. L. E cronista oficial do Centro Galego de Barcelona.



EDICIONES "CELTA"
LUGO

**Publicado coa colaboura da "Junta coordinadora de Actividades y
Establecimientos Culturales", do Ministerio de Cultura**